



BASES DO VIIº CONCURSO POSTAL DE NADAL 2015

O **Ceip Virxe da Pena da Sela** convoca o 7º concurso de postais de Nadal co que se pretende potenciar a participación dos nosos nenos e nenas, nos costumes e tradicións.

BASES

- 1. Participantes:** poderán participar todos os nenos e nenas matriculados no centro no curso 2015/2016. A participación neste concurso supón a total aceptación destas bases.
- 2. Tema:** a temática das postais participantes deberá xirar entorno ao Nadal, e deberán ser inéditas e confeccionadas polo concursante, **coa axuda dos seus pais**. Calquera texto que apareza deberá vir redactado **en galego**.
- 3. Mecánica do Concurso e Selección dos Gañadores:**
 - A postal que deberá ser orixinal, será realizada no formato que se adxunta.
 - A técnica é libre, vale utilizar todo tipo de materiais.
 - Datos do concursante (nome, apelidos e curso), deberán figurar no espazo reservado para tal efecto.De entre todos os participantes, un xurado composto polo **Claustro** de profesores seleccionará o gañador.
- 4. Prazo de presentación:**

A data límite para a recepción de postais é o **4 de decembro do 2015**.
A selección do gañador levarase a cabo entre todos os participantes que cumpran cos requisitos establecidos nas presentes bases e presentasen a postal participante cos requisitos cumpridos.
- 5. Premios:**

Entre todos os participantes se elixirá un gañador e a postal será publicada como felicitación oficial do centro, e calendario oficial para o ano 2016.
- 6. Cesión de propiedade e dereitos:**

Coa aceptación do premio, o gañador do concurso consente en que a postal que nos envíe poida ser utilizada pola **CEIP VIRXE DA PENA DA SELA** para felicitación do Nadal 2015, ou calquera outra utilidade. Todos os participantes do concurso garanten a veracidade da autoría das postais enviadas.
- 7. Aceptación:** a participación neste concurso supón a plena aceptación de todas e cada unha das bases do concurso e do fallo inapelable do xurado.

CONCURSO POSTAIS DO NADAL. CEIP. VIRXE DA PENA DA SELA - O IRIXO - OURENSE